

DECÁLOGO

en defensa do MUNDO RURAL

ÚNETE!!!

3 XUÑO, COMPOSTELA

SAÍDA: 11:00 horas, ALAMEDA

CREAMOS NATUREZA E VIDA NO MUNDO RURAL GALEGO NON SOMOS O PROBLEMA...

SOMOS A SOLUCIÓN

RAZÓNS para participar na MOBILIZACIÓN

1 O **rural** de Galicia merece un futuro e somos nós quen o temos que construír defendendo actividades e servizos de calidade que axuden a fixar poboación para manter un rural **vivo e activo**

2 Queremos un rural **produtivo e sustentable** como garante de respecto ao medioambiente para manter un **Patrimonio Natural** que sexa motivo de **orgullo** para todos os **galegos**

3 Sen o **sector primario**, sen o seu traballo diario, sen os seus pastos, cultivos, terras de labor que actúan de cortalumes naturais, non hai protección posible contra as vagas de lumes catastróficas que ameazan todos os veráns a gran parte da **superficie forestal** de Galicia

4 Unha **xestión forestal sostible** crea riqueza e xera emprego, á vez que coida o monte e fixa **dióxido de carbono**, depurando as augas e loitando contra o **cambio climático**

5 Hai que defender un **rural produtivo** que complemente as rendas das familias que nel habitan, producindo **madeira e outras materias primas renovables**, claves para a **bioeconomía** do século XXI

10 Os habitantes do rural e as actividades que nel se denvolven **non son un problema** para o medio ambiente galego, senón **son a solución** aos seus problemas de **conservación**

6 Reivindicamos o noso **dereito a cazar** e o respecto á Caza como ferramenta de xestión para o **aproveitamento sostible** das especies que permita controlar as súas poboacións; sobre todo, as especies de caza maior, en busca do **equilibrio medioambiental**, minimizando os **danos aos cultivos**, que farían inviable a **agricultura e gandeiría** en Galicia e contribuíndo á **seguridade viaria** nas estradas galegas. Ao tempo que a caza actúa como factor limitante da propagación de graves **enfermidades** para a **fauna doméstica**

7 Queremos defender uns **montes veciñais multifuncionais** que sigan conservando o seu carácter de **propiedade comuneira** evitando calquera usurpación ou intento de privatización

8 A **Pesca Fluvial** xestiona e mellora os ecosistemas piscícolas dos nosos ríos, porque achega os cidadáns á natureza e porque, xunto á **Caza**, xera actividade **económica desestacionalizada** no noso rural, especialmente nas áreas máis deprimidas e desfavorecidas

9 Non nos resignamos a asistir ao declive social, demográfico e cultural do rural galego sen dicirle á **sociedade** que somos necesarios para **construír** un gran futuro conxunto no que queda moito por facer e do que queremos ser parte importante, necesaria e activa